

DEPUTACIÓN PROVINCIAL

A CORUÑA

**ACTA da Sesión ORDINARIA
celebrada pola EXCMA. CORPORACIÓN PROVINCIAL
o 26 DE XANEIRO DE 2001**

ORDE DO DÍA dos asuntos que se van tratar na Sesión Plenaria Ordinaria que se celebrará o vindeiro venres, día 26 de xaneiro de 2001, ás DOCE HORAS.

ASUNTOS

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior, nº 14/00, do 29 de decembro.
- 2.- Toma de coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 21.000 do ano 2000 deica a nº 100 , do ano 2.001.
- 3.- Aprobar a formalización do convenio de cesión en precario á Fundación Wenceslao Fernández Flórez do uso da casa de Cecebre (Cambre).
- 4.- Aprobación do proxecto modificado núm. 1 do da variante da E.P. 2104 Carral-Meirama, treito: Meirama-Encrobas.
- 5.- Aprobación do proxecto de obras complementarias consistentes en medidas correctoras de impacto ambiental na variante da E.P. 2104 Carral-Meirama, treito Meirama-Encrobas.
- 6.- Convenio para o financiamento dos grupos municipais de intervención rápida, GEMIR
- 7.- Convenio administrativo e acordo de execución da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e cos Concellos de Santiago de Compostela e da comarca de Santiago sobre construción deo novo parque de bombeiros de Santiago.

ACTUACIÓN DE CONTROL
MOCIÓNS
ROGOS E PREGUNTAS

DEPUTACION PROVINCIAL

DA CORUÑA

SESION ORDINARIA DA EXCMA. CORPORACION PROVINCIAL EN PLENO DO 26 DE XANEIRO DE 2001.

No salón de sesións do Pazo Provincial da Coruña, o día 26 de xaneiro de 2001 reuniuse a Excma. Corporación Provincial para celebrar **sesión ordinaria**.

CONCORRENTES

PRESIDE O ILMO. SR.

DON JOSÉ LUIS TORRES COLOMER

ASISTEN OS SRES. DEPUTADOS SEGUINTES:

DON JUAN BLANCO ROUCO	PP
DON ANTONIO CAMPO FERNÁNDEZ	PP
DON PILAR CANDOCIA PITA	BNG
DON JOSE MANUEL CENDÁN FERNÁNDEZ	PP
DON ODÓN CASIMIRO COBAS GARCÍA	PSOE
DON JOSE ANTONIO DOMÍNGUEZ GARCÍA	PP
DON ANTONIO ERÍAS REY	PP
DON JESÚS SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	PSOE
DON JOSE LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO	PP
DON JOSE LUIS FONDO AGUIAR	PP
DON JOSE GARCÍA LIÑARES	PSOE
DON CARLOS GLEZ. GARCÉS SANTISO	
PSOE	
DON ANTONIO SALVADOR LAGARES PÉREZ	PSOE
DON CARLOS LÓPEZ CRESPO	PP
DON ANGEL LÓPEZ SUEIRO	PSOE
DON MANUEL MIRAS FRANQUEIRA	PSOE
DON MANUEL MOSCOSO LÓPEZ	PP
DON JOSÉ MOSQUERA MACEIRAS	PP
DON FÉLIX PORTO SERANTES	PSOE
DON MANUEL POSE MIÑONES	PP
DON CELESTINO POZA DOMÍNGUEZ	PSOE
DON FRANCISCO JAVIER QUIÑOY TABOADA	PSOE
DON AUGUSTO REY MORENO	PSOE

DON MANUEL RODRÍGUEZ DOVAL	BNG
DON DOSITEO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ	PP
DOÑA ANA ISABEL SANTIAGO LÓPEZ	BNG
DON JOSÉ TOJA PARAJÓ	PP
DON MANUEL VARELA REY	PP
DOÑA MARGARIDA VÁZQUEZ VERAS	BNG
DON JESUS VILLAMOR CALVO	PP

Actúa como secretario, don Luis Jaime Rodríguez Fernández, secretario accidental da corporación, e está presente o interventor adxunto, D. Enrique Calvete Pérez.

Aberto o acto ás doce horas, o Sr. secretario procede á lectura dos asuntos incluídos na orde do día, tocante ós cales, por unanimidade, agás nos casos en que se indique, adoptáronse os acordos seguintes:

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, Nº 14/00, DO 29 DE DECEMBRO.

Apróbase a acta da sesión anterior correspondente á celebrada ó día 29 de decembro de 2000.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA PRESIDENCIA, DA Nº 21.000 DO ANO 2000 DEICA A Nº 100 , DO ANO 2.001.

A Corporación toma coñecemento das resolucións dictadas pola Presidencia, da nº 21.000 do ano 2.000 deica a nº 100, do ano 2.001.

3.- APROBAR A FORMALIZACIÓN DO CONVENIO DE CESIÓN EN PRECARIO Á FUNDACIÓN WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ DO USO DA CASA DE CECEBRE (CAMBRE).

INTERVENCIONS

Sr. Fernández Moreda

Anuncia que o seu grupo está a favor da proposta, a pesar de votala en contra no seo da comisión e xustifica a súa postura por incorporarse o Concello de Cambre á fundación.

ACORDO

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"Aprobar a formalización do convenio de cesión en precario á Fundación Wenceslao Fernández Flórez do uso da casa de Cecebre (Cambre)."

4.- APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO NÚM. 1 DO DA VARIANTE DA E.P. 2104 CARRAL-MEIRAMA, TREITO: MEIRAMA-ENCROBAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1º) Aprobar o proxecto modificado nº 1 do de Variante da E.P. 2104 Carral-Meirama, treito: Meirama-Encrobas (concello de Cerceda), polo seu orzamento de contrata de 613.684.564.- ptas. que supón un incremento con respecto ó primitivo de 102.280.339.- ptas.

2º) Formalizar en documento administrativo, coa empresa Constructora Hispánica, S.A., as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supón un novo orzamento de adxudicación de 342.251.881.- ptas., que supoñen un incremento con respecto ó primitivo de 57.041.746.- ptas. que será financiado integramente por Lignitos de Meirama, S.A., conforme co convenio de colaboración formalizado o 21 de abril de 1998.

3º) Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 4.091.214.- ptas., que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días despois de aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 281.118.921.- ptas."

5.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE OBRAS COMPLEMENTARIAS CONSISTENTES EN MEDIDAS CORRECTORAS DE IMPACTO AMBIENTAL NA VARIANTE DA E.P. 2104 CARRAL-MEIRAMA, TREITO MEIRAMA-ENCROBAS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1º) Aprobar o proxecto complementario do de Medidas correctoras de impacto ambiental, variante da E.P. 2104 Carral-Meirama, treito Meirama-Encrobas cun

orçamento de contrata de 102.270.037.- ptas. que será financiado integramente (unha vez adxudicado o contrato e no prezo de adxudicación que resulte) por Lignitos de Meirama, S.A., conforme co convenio de colaboración formalizado o 21 de abril de 1998."

6.- CONVENIO PARA O FINANCIAMENTO DOS GRUPOS MUNICIPAIS DE INTERVENCIÓN RÁPIDA, GEMIR

INTERVENCIÓNS

Sra. Vázquez Veras

Anuncia que, sen prexuízo de considerar a necesidade dos GMIR, o seu grupo non apoiará a proposta da comisión. Di que estes sirven para algo máis que para o reflectido na memoria que consta no expediente e que, por outra parte, nalgún concello utilízase ós membros dos citados grupos para labores que nada teñen que ver coas súas funcións. Tamén considera inxustificada a asignación de GMIR ós 16 concellos seleccionados. Por que a eses e non a outros que o solicitaran e nos que poderían darse mellores condicións para o seu establecemento. Móstrase disconforme co procedemento seguido.

Sr. Varela Rey

Contesta xustificando a necesidade dos GMIR, salientando a alta profesionalidade dos seus membros, así como o respecto do que se fixeron merecedores entre a poboación e institucións. Respecto da instalación nos 16 concellos seleccionados, estes son cabeceiras de comarca e que non responden ás necesidades exclusivamente do municipio en que radican senón ás de toda a comarca, cubríndose desa forma todo o ámbito provincial.

Sr. presidente

Engade que non hai ningún tipo de escurantismo respecto do procedemento seguido, que os concellos foron seleccionados mediante acordo adoptado por unanimidade no seo da Fegamp onde tiveron participación distintos grupos políticos, aludindo tamén a alta cualificación dos integrantes dos GMIR e á distribución estratéxica no territorio provincial.

Sr. Fernández Moreda

Secunda a proposta da comisión, xustifica a súa postura por intervir no proceso de selección no seo da Fegamp.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: 4 deputados (BNG)

Abstéñense: ningún deputado

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1.-Aprobar o modelo de convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para o sostemento dos Grupos GMIR para o ano 2.001.

2.-Os concellos que asinarán o convenio de sostemento dos Grupos GMIR no ano 2.001 serán os seguintes: Arteixo, Arzúa, Betanzos, Boiro, Boqueixón, Carballo, Brión, Cee, Miño, Noia, Ordes, Ortigueira, As Pontes de García Rodríguez, Ribeira, Santa Comba e Vimianzo.

3.-Facultar ó Presidente da Excma. Deputación para asinar os convenios de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os mencionados concellos.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE PARA O SOSTEMENTO DUN GRUPO MUNICIPAL DE INTERVENCIÓN RÁPIDA.

A Coruña, de de dous mil un.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña, asistido polo secretario deste organismo, D. José Luis Almau Supervía.

O alcalde-presidente do Concello de

EXPOÑEN

1.-Que ámbalas dúas partes se recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.-Que a Deputación da Coruña, tendo entre as súas competencias o fomento e a administración dos intereses peculiares da súa provincia, está interesada na colaboración cos concellos no sostemento de Grupos Municipais de Intervención Rápida (GMIR), que é un corpo enmarcado dentro da seguridade civil dos municipios e que teñen como principal función ter unha infraestrutura altamente operativa que permita dar resposta inmediata ante situacións de emerxencia que impliquen riscos para as persoas ou os bens materiais das áreas dos distintos concellos.

3.-Que a Deputación da Coruña non dispón dos medios persoais nin materiais axeitados para afrontar esta tarefa.

4.-Que os GMIR levan actuando dende agosto de 1997 coa colaboración da Delegación Provincial da Consellería de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e máis a FEGAMP.

5.-Que o presente convenio é consecuente coas liñas de actuación que a Deputación vén realizando nas materias de protección civil e campañas de prevención de incendios.

Por todo isto co fin de establece-las condicións de colaboración necesarias e acada-lo fin proposto, a Deputación da Coruña e o Concello de acordan subscribi-lo presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBJECTO

O presente convenio ten por obxecto a colaboración cos concellos no sostemento dun Grupo Municipal de Intervención Rápida, en orde a conseguí-la inmediata resposta a situación de emerxencia en: incendios forestais e urbanos, accidentes de tráfico, inundacións, primeiros auxilios, asistencia domiciliares, apoio en materia de seguridade vial, actividades ambientais, cooperación en axudas humanitarias e cantas outras supoñan dar resposta ás emerxencias do municipio.

En ningún caso formarán parte do obxecto do presente convenio actividades ou investimentos que sexan incluídas noutros plans ou programas provinciais.

SEGUNDA.-OBRIGAS

O concello de _____ ten creado un Grupo Municipal de Intervención Rápida composto por: un responsable encargado da coordinación técnica, un xefe de grupo, encargado da coordinación dos operativos do grupo, dous capataces, encargados da coordinación das distintas quendas, podendo exercer un dos capataces de xefe de grupo, organizaranse en quendas de mañá, tarde e noite, de tal xeito que poidan estar localizables as 24 horas do día para actuar en calquera emerxencia que poida acontecer nas áreas do seu contorno.

A Deputación participará mediante o aboamento dunha subvención ó concello dos gastos de sostemento do grupo por un importe máximo de 7.000.000.- ptas., as cales irán destinadas a financia-los gastos de nóminas de persoal e material funxible.

TERCEIRA.- FINANCIAMENTO

A achega da Deputación Provincial da Coruña aboarase con cargo á aplicación presupostaria 0305/223A/46200 do presuposto provincial para o ano 2.001.

CUARTA.-PAGAMENTO

A deputación aboará o 50% do total previsto, que ascende a 3.500.000.- ptas. á firma do convenio.

O 50% restante despois da acreditación previa dos gastos realizados e mediante a presentación dos seguintes documentos:

-Certificación expedida polo secretario/interventor do concello no que se detallen os conceptos de gasto e o periodo de tempo ó que van referidos.

-Certificación acreditativa das subvencións concedidas para o obxecto contemplado no presente convenio e, en todo caso, certificación de que os gastos que se presentan como xustificantes da achega provincial, non foron subvencionados en ningún dos seguintes programas:

Axudas e subvencións para o fomento de emprego da Consellería de Familia, e Promoción de Emprego, Muller e Xuventude. Ano 2001.

Programas dirixidos a concellos para actividades e investimentos durante o 2001 de ambiente.

Convenio de colaboración na campaña de actuación contra os incendios forestais.
Convenios de Servicos Sociais.

QUINTA.-LÍMITE Á ACHEGA PROVINCIAL. OBRIGAS.

No suposto de non xustificarse a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da deputación ata a cantidade xustificada. No caso de que os gastos xustificadas foran superiores, a achega da deputación non superará a cantidade indicada na segunda cláusula. En calquera caso a cantidade que se ha aboar poderá acadar ata o 100% do gasto xustificado.

Se se obtiveran subvencións doutras entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto minorarase a achega provincial de tal xeito que as subvencións concorrentes non superen o custo da actividade xustificada polo concello conforme ó establecido na cláusula anterior.

A certificación do gasto poderá ter entrada no Rexistro Xeral da Deputación ata o 30 de xuño do ano 2002, e deberá ser referido a gastos efectuados durante o exercicio do ano 2001.

Para o pago das certificacións do gasto o concello deberá estar ó corrente das obrigas fiscais coa Deputación, (artº 170.2 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais) situación que se determinará de oficio pola propia Deputación.

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución deste e no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes.

SEXTA.-NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que poideran surxir en relación con el serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto na Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos nas Administracións públicas.

SÉTIMA.-VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor ó día seguinte ó da súa formalización e rematará unha vez cumprido o seu obxectivo e en todo caso antes do 15 de decembro do ano 2.002.

En proba de conformidade das dúas partes coa integridade do estipulado, asinan o presente convenio nun só acto e por exemplar cuadruplicado no lugar e data indicado no seu encabezamento.

O ALCALDE

O PRESIDENTE

O SECRETARIO"

7.- CONVENIO ADMINISTRATIVO E ACORDO DE EXECUCIÓN DA CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS E COS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E DA COMARCA DE SANTIAGO SOBRE CONSTRUCCIÓN DEO NOVO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO.

INTERVENCIONS

Sra. Vázquez Veras

_____ Critica as achegas establecidas no convenio e a forma elixida, pois poderíase facer a través dun consorcio. Engade que os temas de cooperación, en xeral, non se levan ben porque non se fai uso de tódolos instrumentos que ofrece a lei, e que non se aproveita a división comarcal de Galicia. Anuncia que o seu grupo, como medida cautelara e sen prexuízo de estar a favor do convenio, vaíse abster na votación.

Sr. Fernández Moreda

Apoia a proposta da comisión e anuncia o voto a favor dela.

Sr. Blanco Rouco

Engade que o convenio é esperanzador, porque abre unha nova vía de entendemento entre unha gran cidade e os pequenos municipios dos seus arredores, converxendo esforzos e economizando medios e recursos.

Sr. presidente

Secunda o anterior e salienta a importante achega do Concello de Santiago de Compostela, engade que a decisión non foi tomada á lixeira, sendo obxecto de estudio suficiente e detallado.

VOTACIÓN

Votan a favor: 27 deputados (16 do PP e 11 do PSOE)

Votan en contra: ningún deputado

Abstéñense: 4 deputados (BNG)

ACORDO

Apróbase o seguinte dictame da comisión:

"1º.-Aprobar o convenio marco de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para a construción do novo parque de bombeiros de Santiago.

CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E RELACIÓNS LABORAIS, A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, AMES, BOQUEIXÓN, BRIÓN, PADRÓN, ROIS, TEO, VAL DO DUBRA E VEDRA, SOBRE O PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.

Santiago de Compostela, de de dous mil.

REUNIDOS

O Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E o Excmo. Sr. D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

O Ilmo. Sr. D. José Astray Lorenzo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ames.

O Ilmo. Sr. D. Adolfo Gacio Vázquez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Boqueixón.

O Ilmo. Sr. D. José Luis García García, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Brión.

O Ilmo. Sr. D. Jesús Villamor Calvo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Padrón.

O Ilmo. Sr. D. Enrique José Tojo Blanco, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Rois.

O Ilmo. Sr. D. Armando Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Teo.

O Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Baleato Iglesias, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Val do Dubra.

O Ilmo. Sr. D. Odón Cobas García, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vedra.

EXPOÑEN

1. Que as partes recoñecen plena capacidade para levar a cabo o presente convenio.

2.-Que a Lei galega 2/1985 de protección civil, na súa exposición de motivos, manifesta que a protección civil constitúe a afirmación dunha ampla política de seguridade que encontra o seu primeiro fundamento no artigo 15 da Constitución española, que obriga ós poderes públicos a garanti-lo dereito á vida e a integridade física como primeiro e máis importante de tódolos dereitos fundamentais.

Dende esa perspectiva, a protección civil ha de considerarse como un servizo público organizado de forma coordinada polas distintas administracións que xestionan competencias nesa materia.

O Decreto 161/2, do 29 de xuño, fixou a estrutura orgánica da Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, encomendándolle a planificación e coordinación dos plans e programas dos servizos contraincendios e salvamento local, sen prexuício das competencias que lle correspondan á Dirección Xeral de Administración Local, Interior e Protección Civil no relativo á función operativa da protección civil, así como das atribuídas por lei ás Administracións locais.

A normativa aplicable en materia de réxime local atribúe ás deputacións a competencia de cooperación cos concellos, asegurando a prestación integral e axeitada dos servizos de competencia municipal, entre eles a cooperación mútua, e coa Xunta de Galicia, en materia de programación, posta en marcha e sostemento dos parques de bombeiros, nos seus respectivos ámbitos territoriais de actuación.

Corresponde, igualmente ós concellos, desenvolver todas aquelas actividades que contribúan e redunden na satisfacción dos intereses da comunidade veciñal.

3. Que o presente convenio é consecuente coas liñas de programación e actuación coa Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais e a Deputación da Coruña veñen desenvolvendo nos últimos anos.

Por todo isto e co fin de establece-las condicións de colaboración necesaria e acada-lo fin proposto, a Consellería de Xustiza, Interior e Relacións Laborais, a deputación e o Concello de Santiago de Compostela acordan subscribi-lo presente convenio segundo as seguintes:

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.-OBXECTO.

O presente convenio ten por obxecto a colaboración das Administracións asinantes dirixida a que o Parque Municipal de Bombeiros de Santiago pase a prestar este servizo ós concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra. Para estes efectos o Parque Municipal de Bombeiros de Santiago pasará a desempeña-las funcións de parque comarcal.

Para os efectos expresados a colaboración das tres Administracións concrétase nas seguintes liñas de acción:

- a)Renovación do equipamento do parque
- b)Construcción dun edificio para o Parque de Bombeiros de Santiago.
- c)Ampliación do cadro de persoal do parque de bombeiros para atende-las necesidades dos municipios da comarca.

O cumprimento das finalidades expresadas realizarase na forma que se establece nas seguintes cláusulas.

Así mesmo, e en virtude do presente convenio, o parque de bombeiros formará parte, como centro asociado, do Servizo 112 de Emerxencias, e así se deberá facer constar na rotulación dos vehículos que se adquiran.

SEGUNDA.- RENOVACIÓN DO EQUIPAMENTO DO PARQUE.

As tres Administracións acordan a renovación do equipamento do parque de bombeiros.

Esta renovación concrétase na adquisición dos seguintes equipos con carácter inmediato, tralos acordos corporativos previos necesarios.

<u>Equipos</u>	<u>Valor aprox.</u>
Un auto-escola automático con cisterna e bomba	62.000.000
Un auto-bomba primeira saída para rescate en accidentes	35.000.000
Un auto-bomba nodriza	35.000.000

Valórase a expresada materia en cento trinta e dous millóns de ptas. 132.000.000.- ptas.

A adquisición realizaraa a Deputación Provincial e financiarana as tres Administracións. O custo total de dita adquisición será financiado polas tres Administracións nas seguintes porcentaxes:

Deputación Provincial	40%
Xunta de Galicia	40%
Concello de Santiago	20%

A licitación realizaraa a deputación polo sistema de concurso, trala acreditación previa do compromiso financeiro contraído polas demais Administracións, e de acordo coa normativa legal aplicable.

As tres Administracións acordan igualmente financiar nas mesmas condicións e porcentaxes o seguinte material adicional para o parque de bombeiros:

<u>Equipos</u>	<u>Valor aprox.</u>
Un brazo telescópico articulado de 42 metros	98.000.000.-
Un auto-bomba primeira saída	35.000.000.-
Un vehículo 4 X 4 para mando e inspección	6.000.000.-

Valórase o expresado material en cento trinta e nove millóns de ptas. (139.000.000.ptas)
O expediente de adquisición do expresado material adicional iníciarase no primeiro trimestre do ano 2.002.

As características técnicas detalladas do material expresado fixaraas unha comisión técnica integrada polo xefe do Parque de Bombeiros de Santiago, o enxeñeiro industrial, xefe do Servicio de Mantemento da Deputación e un técnico nomeado polo director xeral de Interior e Protección Civil da Xunta de Galicia.

TERCEIRA.-CONSTRUCCIÓN DUN EDIFICIO PARA O PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO.

Situado o parque de bombeiros nunha instalación provisional, as tres Administracións acordan financia-la construción dun edificio para este fin, nas seguintes porcentaxes:

Deputación Provincial	40%
Xunta de Galicia	40%

Concello de Santiago 20%

O Concello de Santiago achegará o solo necesario e licitará a construción, coa achega financeira expresada das demais Administracións.

Para estes efectos o Concello de Santiago encargará a redacción do proxecto do edificio, proxecto que deberá ser aprobado polas tres Administracións, como trámite previo á súa licitación, sobre a base da memoria e avance do presuposto que se acompaña como anexo redactado por Alberto Noguerol e Pilar Díez, no que se refire a edificios de parque de bombeiros e usos comúns cun presuposto máximo de 256 millóns de pesetas.

A contratación terá carácter plurianual, de acordo co ritmo previsto de execución da obra.

As tres Administracións manifestan á súa vontade de que a licitación da obra se realice no primeiro trimestre do ano 2.001.

Os compromisos financeiros plurianuais das Administracións concretaranse nos correspondentes acordos corporativos, con suxeición e cumprimento das formalidades legais pertinentes.

CUARTA.-AMPLIACIÓN DO CADRO DE PERSOAL DO PARQUE DE BOMBEIROS DE SANTIAGO.

Na actualidade o cadro de persoal orzamentario do Corpo de Bombeiros de Santiago é de 57 dotacións.

Para atende-las necesidades deste servizo na súa extensión ós concellos que se expresan na cláusula primeira deste Convenio, considerase necesaria a ampliación do persoal en 19 bombeiros adicionais.

Esta ampliación de persoal financiarase da seguinte forma:

Deputación Provincial	40%
Xunta de Galicia	40%
Concellos estipulados na Cláusula Primeira	20%

Os expresados concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, ingresarán a súa achega na Deputación provincial para que esta o ingrese no Concello de Santiago de Compostela.

A Xunta de Galicia e a Deputación provincial, esta última, tanto pola súa achega como pola correspondente ós expresados concellos ingresarán trimestralmente no Concello de Santiago a súa achega ó financiamento da ampliación do persoal.

Como requisito indispensable para que se financie a ampliación de persoal, o Concello de Santiago de Compostela deberá cubrir na súa totalidade o cadro de persoal orzamentario do concello aprobado en 57 persoas.

O inicio do financiamento producirase unha vez certifique o Concello de Santiago de Compostela a cobertura do seu cadro de persoal primitivo e realizárase a medida que se vaian incorporando os novos efectivos a partir das expresadas 57 dotacións, na proporción correspondente a esta incorporación.

Este financiamento será, así mesmo, de aplicación, respecto dos gastos que se orixinen, en canto á formación do novo persoal que se incorpore cando se produza a ampliación de persoal.

Ademáis do incremento de persoal, a Xunta de Galicia a deputación e os concellos enumerados nesta cláusula financiarán o incremento en gastos correntes que se derivan do incremento de persoal, na mesma proporción que este incremento de persoal de 19 persoas representa sobre o persoal básico do concello, 57 persoas, o que representa un 33,33%.

De acordo co presuposto do ano 2.000 os gastos de financiamento do parque de bombeiros ascenden a 19,4 millóns de ptas.

Por tanto as expresadas entidades, excepto o Concello de Santiago de Compostela, achegarán anualmente ó Concello de Santiago de Compostela, en concepto de incremento de gastos de funcionamento correlativos ó incremento de persoal a cantidade de 6.7 millóns de ptas., equivalente ó 33,33% dos gastos de funcionamento imputables a persoal básico, correspondendo 2,68 millóns da expresada cantidade á Xunta de Galicia, outros 2,68 millóns a Deputación da Coruña e 1,34 millóns ó conxunto dos concellos.

O expresado financiamento, no caso de que o incremento de persoal non se produza nun só exercicio aboarase proporcionalmente ó expresado incremento.

QUINTA.-

O servizo ós concellos referidos comenza a prestarse na súa primeira fase unha vez estea dispoñible o material relacionado na cláusula segunda baixo o apartado de "Equipos" avaliado en 132.000.000 de pesetas.

Como consecuencia do presente convenio o Concello de Santiago de Compostela comprométese a presta-lo servizo de bombeiros ós Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra, nas mesmas condicións que ós veciños do propio concello.

A achega das Administracións provincial e autonómica e a dos concellos expresados que asume a deputación ante o Concello de Santiago, establecida no presente convenio constitúe a totalidade dos compromisos que poden esixirse para a prestación do servizo de bombeiros ós municipios expresados, sen que por parte do Concello de Santiago poida esixirse calquera outra cantidade en relación coa prestación deste servizo tanto por gastos de funcionamento como por calquera outro concepto.

SEXTA.- O Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela terá o carácter de Parque Comarcal de Incendios con extensión a tódolos concellos asinantes.

A titularidade do parque de bombeiros exerceraa o Concello de Santiago de Compostela con carácter pleno no que se refire ós aspectos internos de organización e funcionamento.

Para supervisa-la prestación do servizo establecido no presente convenio constituirase unha Comisión de Coordinación integrada por dous representantes da Consellería de Xustiza; dous da Deputación provincial; dous do Concello de Santiago de Compostela e dous polos demais concellos asinantes deste acordo. Esta comisión reunirse ó menos unha vez ó trimestre para coñecer e avalia-la prestación do servizo no seu ámbito comarcal e para adopta-las medidas que se estimen necesarias para a mellor efectividade do servizo.

Corresponde especialmente á Comisión de Coordinación garantir, con competencia plena que a prestación do servizo se efectúe sen ningunha diferenciación, calquera que sexa o concello.

SÉTIMA.-

No suposto de non xustifica-la totalidade do gasto previsto minoraranse as achegas ata alcanzar as porcentaxes sinaladas.

Para o pago das achegas as Administracións firmantes deberán estar ó corrente das obrigas fiscais, (art. 170.2 da Lei 39/1988, reguladora das facendas locais) situación que se determinará de oficio.

O incumprimento das obrigas derivadas do presente convenio dará lugar á resolución deste e no seu caso, á devolución das cantidades percibidas, xunto cos xuros de mora correspondentes se fora o caso.

OITAVA.-NATUREZA XURÍDICA

O presente convenio ten natureza administrativa, as cuestións litixiosas que puideran xurdir en relación con este serán competencia da xurisdicción contencioso-administrativa. Para a resolución das dúbidas ou lagoas existentes estarase ó disposto na Lei 13/95, do 18 de maio, de contratos das Administracións públicas.

NOVENA.-

O presente convenio ten o carácter de convenio marco, polo que os convenios de desenvolvemento correspondentes a construción do edificio, equipamento e gastos correntes, deberan segui-los mesmos trámites de fiscalización compromiso de crédito e aprobación co presente convenio.

De non haber denuncia do convenio con antelación dun ano á extinción do convenio inicial ou das súas prórrogas, a prórroga producirase de xeito automático por período quinquenal.

2.-Aprobar o texto do acordo sobre funcionamento do parque comarcal de bombeiros de Santiago de acordo co seguinte teor literal:

ACORDO SOBRE O FUNCIONAMENTO DO PARQUE COMARCAL DE BOMBEIROS DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Santiago de Compostela, de novembro de dous mil.

REUNIDOS

Excmo. Sr. D. Antonio Pillado Montero, Conselleiro de Xustiza, Interior e Relacións Laborais da Xunta de Galicia.

O Excmo. Sr. D. José Luis Torres Colomer, Presidente da Excma. Deputación Provincial da Coruña.

E o Excmo. Sr. D. José Sánchez Bugallo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Santiago de Compostela.

O Ilmo. Sr. D. José Astray Lorenzo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Ames.

O Ilmo. Sr. D. Adolfo Gacio Vázquez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Boqueixón.

O Ilmo. Sr. D. José Luis García García, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Brión.

O Ilmo. Sr. D. Jesús Villamor Calvo, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Padrón.

O Ilmo. Sr. D. Carlos Ares Villar, Alcalde en funcións do Excmo. Concello de Rois.

O Ilmo. Sr. D. Armando Blanco Martínez, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Teo.

O Ilmo. Sr. D. Juan Manuel Baleato Iglesias, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Val do Dubra.

O Ilmo. Sr. D. Odón Cobas García, Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vedra.

CONSIDERANDO

Que por acordo marco da mesma data aprobouse o convenio segundo o cal o Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela, prestará o servizo ós veciños dos concellos asinantes nas mesmas condicións e requisitos cós veciños de Santiago de Compostela. Procede regula-lo conxunto de aspectos que aseguren a prestación do servizo así como a participación dos concellos no funcionamento deste parque de bombeiros. Para este fin, con carácter complementario ó acordo marco e coa mesma relevancia xurídica, as partes asinantes dispoñen o seguinte:

PRIMEIRO.-O Parque de Bombeiros de Santiago de Compostela terá carácter de Parque Comarcal de Incendios con extensión a tódolos concellos asinantes.

SEGUNDO.-A titularidade do Parque de Bombeiros do municipio de Santiago de Compostela exerceraa o municipio con carácter pleno no que se refira ós aspectos internos de organización e funcionamento, sen prexuízo de que con respecto ós concellos asinantes a prestación do servizo se efectúe sen ningunha diferenciación, calquera que sexa o concello.

Corresponde á Comisión de Coordinación regulada na cláusula sexta do convenio marco garantir, con competencia plena, que a prestación do servizo se efectúe sen ningunha diferenciación calquera que sexa o concello.

Para este fin a Comisión de Coordinación tomará as decisións precisas e adoptará as medidas que se estimen necesarias, no que se refire á prestación do servizo ó conxunto dos concellos.

TERCEIRO.- O servizo prestado polo parque comarcal de bombeiros entenderase como propio e por tanto para os Concellos obxecto do presente acordo a esixencia establecida no artigo 26 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, relativa á obriga de dispoñer de Parque de Incendios para os concellos de máis de 20.000 habitantes, entenderase cumprida con este convenio.

CUARTO.-A obriga que se establece na cláusula cuarta do acordo marco sobre financiamento pola Xunta de Galicia, Deputación da Coruña e os Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra da ampliación de persoal do Parque de Santiago e da parte correlativa dos gastos de funcionamento, desenvolverase de acordo coas seguintes prescricións:

De acordo co orzamento vixente para o ano 2.000, o custo anual dun bombeiro é de 2.922.254 ptas. por retribucións básicas e complementarias; 891.287 ptas. de seguridade social, cun custo total de 3.813.541 ptas.

O custo básico da ampliación de persoal fixase en 72.457.279 ptas., resultado de multiplicar o custo básico polas 19 dotacións establecidas no convenio básico.

Do expresado importe corresponderá financiar 28.982.912 ptas. á Xunta de Galicia equivalente ó 40%; 28.982.912 ptas. á Deputación Provincial pola mesma porcentaxe e 14.491.455 ptas. ó conxunto dos demais concellos, excluído Santiago, equivalente ó 20% do custo sinalado.

A participación das institucións sinaladas nos parágrafos precedentes ingresarase na forma prevista na cláusula cuarta do acordo básico ó Concello de Santiago de Compostela, segundo se vaian incorporando as anteditas 19 dotacións proporcionalmente ó período de incorporación ó persoal do parque.

Os importes expresados nos parágrafos anteriores actualizaranse no ano en que se produza a incorporación de acordo co incremento orzamentario de custo de persoal en relación co ano 2.000 que se toma como base.

QUINTO.- A expresada achega relativa á participación dos concellos no cadro de persoal do parque revisarase cada tres anos, en función do custo actualizado en cada período computando para estes efectos exclusivamente as dotacións salariais básicas e complementarias que se completasen ó comenzo de cada revisión.

SEXTO.- A selección das 19 dotacións de persoal a que se refire o presente convenio realizarase polo sistema de oposición, unha vez que o Concello de Santiago de Compostela cubra o cadro de persoal básico de 57 dotacións.

O tribunal de oposicións estará presidido polo alcalde de Santiago de Compostela e ademais dos membros que establezan as normas internas do Concello de Santiago de Compostela, integraranse catro vocais designados, un pola Consellería de Xustiza da Xunta de Galicia, un pola Deputación provincial e dous en representación dos concellos designados polo conxunto dos demais concellos asinantes do presente acordo.

SÉTIMO.- Unha vez cuberta a totalidade do cadro de persoal o concello de Santiago de Compostela queda obrigado a incluír na oferta anual de emprego a totalidade das vacantes que se produzan sobre o total do cadro de persoal de 76 dotacións do parque de bombeiros.

OITAVO.- As vacantes que se produzan durante o exercicio poderán cubrirse en todo caso con carácter interino dentro do trimestre seguinte ó que teñan lugar, en tanto non se cubran definitivamente a través de oposición, a través das oportunas listas de espera.

Corresponderá á Comisión de Coordinación a adopción das decisións pertinentes para estes efectos.

NOVENO.- Os concellos ingresarán durante o mes de maio na Deputación provincial a súa parte do custo de persoal e do funcionamento do paque especificado na cláusula cuarta do convenio marco.

A distribución entre os concellos asinantes dos custos de persoal e de funcionamento efectuarase conforme ás seguintes regras:

A cantidade que se ha distribuír, en valores do ano 2.000 ascende a 15.825.455 pesetas, suma da participación en custos de persoal e de funcionamento correlativo.

Dita cantidade distribuirase entre os concellos asinantes en proporción á súa poboación de dereito, de acordo co último censo.

Esta cantidade actualizarase cada tres anos de acordo co establecido na cláusula cuarta do presente convenio, en canto a custo de persoal.

DÉCIMO.- A participación da Xunta de Galicia fixase en 31.662.912 ptas. e a Deputación provincial na mesma cantidade, de acordo coas cláusulas precedentes.

UNDÉCIMO.- O convenio entre as entidades asinantes terá unha duración de quince anos, prorrogándose automaticamente por períodos de catro anos se non se denuncia antes dos doce meses do remate do período inicial ou de calquera das súas prórrogas.

Conforme se establece na cláusula quinta do Convenio Marco o servizo comenará a prestarse a tódolos Concellos unha vez que o Concello de Santiago de Compostela reciba o material da primeira fase.

Simultaneamente ó inicio do expediente de contratación pola Deputación provincial do antedito material, aprobará a Corporación Municipal de Santiago de Compostela, a modificación da ordenanza reguladora da prestación deste servizo, establecendo para os veciños dos Concellos de Ames, Boqueixón, Brión, Padrón, Rois, Teo, Val do Dubra e Vedra as mesmas condicións e esixencias que para os veciños de Santiago de Compostela e con respecto ós inmobles municipais as mesmas condicións que para o propio Concello de Santiago de Compostela.

DUODÉCIMO.- Correspóndelle á Comisión de Coordinación resolver-las incidencias que poidan xurdir en relación co cumprimento das cláusulas establecidas no presente convenio e, no seu caso propoñer as renovacións precisas do material.

3º)Facultar á Presidencia para canto resulte procedente en orde ó correcto desenvolvemento do presente acordo.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,"

O PRESIDENTE,

ACTUACIÓN DE CONTROL

MOCIÓNS

MOCIÓN DA PRESIDENCIA DE ACHEGA DE 1.000.000.- PTAS. Ó SALVADOR.

Ó Sr. presidente somete á consideración da Corporación unha proposta de achega ó Salvador de 1.000.000 de pesetas para paliar os danos producidos polo terremoto sufrido na dita zona e como mostra de solidariedade con dito país.

A Corporación aproba por unanimidade a urxencia da moción, intervindo a Sra. Candocia Pita para suxestionar que se aumente a achega no posible, pois ó seu grupo parécelle moi pequena.

O Sr. presidente explica que se trata dunha achega simbólica e que é a mesma cantidade que no seu día se deu a Venezuela. Engade que sería conveniente tratar este asunto no seo da Comisión informativa correspondente para estudar a posibilidade de aumentar a achega.

MOCIÓN DOS GRUPOS NACIONALISTA E SOCIALISTA SOBRE A SUPRESIÓN DA PEAXE NA BARCALA.

O Sr. presidente somete á consideración da Corporación as mocións presentadas polos grupos nacionalista e socialista sobre a supresión da peaxe da Barcala, ordenando a defensa da urxencia delas comezando pola do grupo nacionalista, por ser a primeira presentada, e somete despois ambas a votación da urxencia.

Toma a palabra o Sr. Rodríguez Doval para defender a súa proposta xustificándoa na falta de competencia da deputación e en que esta, unha vez máis, soluciónalle a papeleta á Xunta de Galicia e ó partido que a sustenta. Sinala que a peaxe non se suprime, senón que se pagará cos impostos dos cidadáns, sendo esta unha actitude conformista e errática que abre unha vía perigosa. Califica de anacrónico, impresentable e inxustificable que se manteña este problema, que ten que solucionar o Ministerio de Fomento, quen pola súa parte, di que a solución é inviable, ademais de que a empresa contratista aínda non sabe nada. A situación é ridícula.

Pola súa parte, o Sr. Moreda, despois de xustificar a súa moción, pon de manifesto que o protocolo reflicte a incapacidade do conselleiro de política territorial para acadar a retirada efectiva, a custo cero, da citada peaxe, aínda que, engade, o seu grupo estaría disposto a chegar a un acordo transitorio como o fixado no protocolo, pero só ata a eliminación definitiva da peaxe da Barcala.

VOTACIÓN

Sometida a votación ámbalas mocións, estas resultan rexeitadas:

-Moción do BNG: a favor o PSOE (10) e o BNG (4), en contra o PP (16), abstense o Sr. Liñares (PSOE) por ausentarse durante o debate.

-Moción do PSOE: a favor o PSOE (10) e o BNG (4), en contra o PP (16), abstense o Sr. Liñares (PSOE) por ausentarse durante o debate.

O Sr. presidente aclara a posición do goberno provincial, engade que como presidente está facultado para asinar os protocolos de intencións que estime oportunos, sempre que estean orientados a satisfacer os intereses provinciais e, se é o caso, a negociar nun futuro os convenios que correspondan. Non obstante ordena que as mocións sexan tratadas no seo da Comisión Informativa de Vías e Obras.

Ó non haber máis asuntos dos que tratar, remata a sesión sendo as trece horas e quince minutos, redactándose a presente acta, e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. presidente, de todo o cal eu, o secretario, dou fe.